

EXPEDIENTE 6628/2023: 11/2023: OBRAS - MIRADOR DA PEIXEIRA E CONEXIÓN CO CAMPO DE SAN ROQUE (PORTONOVO) - PROGRAMA PON2030 DEPUTACIÓN

INFORME CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E ATRIBUCIÓN DE PUNTUACIÓNS.

Estase a tramitar un procedemento para a contratación para o investimento denominado “Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo)”, actuación ao abeiro do programa PON20230 da Deputación Provincial de Pontevedra, cun orzamento de execución por contrata co IVE de novecentos noventa mil cincocentos trinta e sete euros con setenta e sete céntimos (990.537,77 euros) e un prazo para a correcta execución dos traballos de cinco (5) meses.

En cumprimento do disposto no artigo 116.4.c) da Lei 9/2017, de 0 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), emítase o seguinte informe xustificativo dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Os criterios de adxudicación que se recollerán no prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) escóllense na procura dunha mellor calidade e unha maior eficacia na execución do contrato, buscando adecuar o obxecto do mesmo ás necesidades definidas pola Administración e garantindo, en todo caso, a máxima concurrencia e liberdade de acceso.

Para a determinación dos criterios de adxudicación, e da atribución das súas puntuacións, tivéronse en conta varios factores.

1º) A relevancia dentro do proxecto das actuacións a levar a cabo. Tivéronse en conta as partidas reflectidas en cada capítulo do proxecto. Tanto a tipoloxía, como a súa contía económica.

2º) A complexidade técnica na execución de cada un dos capítulos do proxecto.

3º) Os compromisos que debe asumir o Concello de Sanxenxo, no convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, no que se establecen as bases de colaboración entre ambas administracións, para a execución deste proxecto, convenio asiando entre as partes o 21/11/2023.

4º) Contribuir á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas (ODS) da Axenda 2030.

5º) Para a elección do criterio de adxudicación avaliabile de forma automática, “Oferta económica” e a asignación da súa puntuación, tivéronse en conta varias premisas.



- Tense en conta o limiar da temeridade das ofertas, que o situamos en 10 puntos porcentuais do orzamento de licitación, circunstancia que debe estar recollida no PCAP. Deste modo, a oferta económica do licitador incorrirá inicialmente en desproporcionalidade se se lle aplica ao orzamento base de licitación unha baixa superior a 99.053,77 euros.
- A elección do criterio de ampliar o prazo de garantía do contrato e o compromiso de cumprimento do Plan de mantemento que figura como anexo ao PCAP, así como a súa ponderación, xustifícase en que sexa un garante para unha boa execución das obras por parte da empresa contratista. Por elo, é necesario ter como mínimo un prazo de garantía das obras de catro anos, para que durante este período, dende a recepción formal das obras e a súa recepción e posta a disposición do promotor non existan incidencias, derivadas deste contrato, implicando un prexuízo, para os administracións públicas.

Dos argumentos anteriormente expostos, propónse como criterios de adxudicación e atribución para cada un deles as seguintes puntuacións:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUANTIFICABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR, coa descrición da puntuación que se atribúe: **ATA 50 PUNTOS**. **Non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría en base aos criterios avaliábeis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, que se incluírá no arquivo C. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación. Esíxese que a puntuación TOTAL obtida por estes criterios sexa igual ou superior a 30 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.**

1. **Memoria de traballo (ata un 15 puntos):** Esta **Memoria será *dun máximo de 8 páxinas*** en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitírase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Dita Memoria conterá a exposición concreta e particularizada dos aspectos valorables. Evítase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeítanse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido, ou que non se presenten co formato sinalado. As memorias desagregaranse nos seguintes apartados:

- a. Análise da actuación obxecto do proxecto, das actividades e unidades de obra e dos condicionantes principais para a execución do proxecto. (máximo 10 puntos)



b. Desenvolvemento e información gráfica (máximo 5 puntos)

2. Programa de traballo (ata un 15 puntos) Valorarase o coñecemento da problemática que xenera a obra. Interferencias e condicionantes externos ou internos para súa execución. Instalación de medios auxiliares, ubicación de instalacións de seguridade e saúde, etc., ademais de cantos detalles se consideren de interese para conseguir unha boa disposición de medios e organización dos traballos; Valorarase o correcto análise, avaliación e presentación da información con relación ao Proxecto, así como as medidas propostas para mitigar afeccións e dificultades identificadas e apreciadas. Valorarase a explicación gráfica das propostas. A extensión máxima será de 8 páxinas en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeitaranse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido, ou que non se presenten co formato sinalado. Este programa desagregarase nos seguintes apartados:

- a. Diagrama de Gantt (máximo 2 puntos)
- b. Listado de maquinaria e medios auxiliares en obra (máximo 4 puntos)
- c. Definición de actividades críticas. Deberá porse especial atención as solucións á accesibilidade á zona. As obras de interconexión do Mirador da Peixeira co Campo de San Roque afectan a un vial de dirección única. Valorarase as solucións que se oferten para dar solucións de acceso ás vivendas, hoteles... afectadas polas obras. (máximo 9 puntos)

3. Plan de aseguramento da calidade (ata 15 puntos): Incluirase un plan de aseguramento da calidade específico para a obra, con identificación de materiais, unidades de obra, estrutura responsable e de organización da obra, a modo de plan de ensaios a seguir pola empresa contratista. Detallaranse cantas actividades de inspección, ensaios e probas, particularizado para esta obra e con independencia das recollidas no proxecto e o disposto no prego. Deberá realizarse a súa costa como adxudicatario para esta obra. Estas servirán de complemento ao estipulado no proxecto e prego, estando obrigada a empresa contratista a presentar á Dirección de obra os resultados correspondentes e a documentación correspondente xerada. Prestarase atención para que non queden unidades fora de control no plan. A extensión máxima do Plan será



de 8 páxinas en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeitaranse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido, ou que non se presenten co formato sinalado.

4. Plan de control ambiental e de xestión de residuos (ata 5 puntos):

Presentarase un plan de ensaios de autocontrol por parte da empresa e un plan de xestión de residuos e de calidade medioambiental interno da empresa. A extensión máxima será de 4 páxinas en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeitaranse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido, ou que non se presenten co formato sinalado.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MATEMATICAMENTE MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE FÓRMULAS, coa descrición da puntuación que se atribúe a cada un:

- 1. OFERTA ECONÓMICA:** Valorarase ata un máximo de **12 PUNTOS**. **Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o Orzamento Base de Licitación (990.537,77 €, I.V.E. incluído)**. No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o I.V.E.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=12 \times [(Y/X)]$$

sendo:

12=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta máis baixa.

X: Oferta a valorar.



2. **INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA E PLAN DE MANTEMENTO:** Outogarase 10 puntos se o licitador oferta unha ampliación da garantía de 3 anos con respecto ao prazo establecido por lei (1 ano), resultando unha garantía de 4 anos, comprometéndose durante ese período a implementar para a conservación da obra executada todas as actuacións recollidas no plan de mantemento, tanto preventivo como correctivo, elaborado polo técnico redactor do proxecto que figura incorporado como Anexo ao PCAP.

3. **REDUCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS:** Valorarase o compromiso dos licitadores a executar as obras por un prazo inferior aos cinco meses marcados no proxecto. **A puntuación máxima por este criterio é de DOCE (12) PUNTOS.**

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P= 12 \times [(Y/X)]$$

sendo:

12= Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta que se comprometa a executar a obra no menor prazo (expresada en número enteiro e, no seu caso, un decimal, correspondentes ao prazo en meses).

X: Oferta a valorar (expresada en número enteiro e, no seu caso, un decimal, correspondentes ao prazo en meses).

O prazo de execución da obra ofertado non pode ser inferior a 3,5 meses.

4. **DIVULGACIÓN A TRAVÉS DE CAMPAÑAS PUBLICITARIAS EN REDES SOCIAIS, MEDIOS DE COMUNICACIÓN, WEBS, BLOG ... DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS NAÇÕES UNIDAS (ODS) DA AXENDA 2030** e, en especial, dos relacionados co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de conformidade co disposto no proxecto e a memoria das obras. **Outorgarase unha puntuación de 6 puntos**, se o licitador inclúe na súa oferta esta divulgación.

5. **CRITERIO SOCIAL: IGUALDADE DE XÉNERO:** Un dos 17 obxectivos da Axenda 2030 é a igualdade de xénero. Para a consecución, no ámbito desta actuación, deste obxectivo, considérase apropiado,



outorgar unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P= 5 \times [(Y/X)]$$

sendo:

5= Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Oferta do licitador que na acredite que na súa plantilla ten a maior porcentaxe de mulleres (porcentaxe expresado en número enteiro e dous decimais).

Y: Oferta a valorar.

Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da porcentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

6. **CRITERIO SOCIAL: PROMOCIÓN DA INSERCIÓN AO MERCADO LABORAL DA POBOACIÓN XUVENIL.** A medida que as economías comezan a recuperarse, a taxa de desemprego mundial experimentou un descenso significativo. Con todo, a taxa de desemprego dos mozos continúa sendo moi superior á dos adultos, o que indica que seguen existindo dificultades para garantir oportunidades de emprego para os mozos. “Traballo decente e crecemento económico” é un dos ODS das Nacións Unidas da Axenda 2030. Para a consecución, no ámbito desta actuación, deste obxectivo, considérase apropiado, se valore aquelas empresas licitadoras que na súa plantilla teña contratado traballadores de entre 18 e 35 anos de idade. Considérase apropiado, outorgar unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P= 5 \times [(Y/X)]$$

sendo:

5= Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Oferta do licitador que na acredite que na súa plantilla ten a maior porcentaxe de traballadores contratados entre 18 e 35 anos de idade (porcentaxe expresado en número enteiro e dous decimais).

Y: Oferta a valorar.

Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da



percentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

En Sanxenxo, na data consignada na firma electrónica
O arquitecto municipal,
Rafael Vázquez Abal

